



MINISTERIO
DE FOMENTO



XUNTA
DE GALICIA



Autoestradas
de Galicia

**CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO, A XUNTA DE GALICIA, E
AUTOESTRADAS DE GALICIA, PARA A POSTA EN SERVIZO DO ACCESO
AO PORTO EXTERIOR DA CORUÑA (AC-15) E A SÚA CONEXIÓN COA
AUTOESTRADA AUTONÓMICA A CORUÑA-CARBALLO (AG-55).**



MINISTERIO
DE FOMENTO



XUNTA
DE GALICIA



Autoestradas
de Galicia

En Madrid, a 6 de junio de 2016

REUNIDOS

DONA ANA MARÍA PASTOR JULIÁN, Ministra de Fomento, actuando en representación da Administración Xeral do Estado no exercicio das súas competencias, en virtude do disposto no artigo 13.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado (LOFAGE), avocando especificamente para este convenio a competencia delegada en virtude da Orden FOM/1644/2012 do 21 de xullo, sobre delegación de competencias no Ministerio de Fomento.

DONA ETHEL VÁZQUEZ MOURELLE, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

DON ANDRÉS MUNTANER PEDROSA, Director Xeral de Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A., en nome e representación desta sociedade, apoderado mediante escritura autorizada en Madrid polo Notario D. Rafael Monjo Carrió o 8 de febreiro de 2012 co número de protocolo 231.

As partes, na calidade na que interveñen neste acto, recoñécense reciprocamente capacidade legal para obrigarse e outorgar este convenio, a cuxo efecto



EXPOÑEN

1. Que o Ministerio de Fomento está executando a obra de Acceso ao Porto Exterior da Coruña (AC-15). Esta obra enlaza coa autoestrada autonómica A Coruña-Carballo (AG-55) que explota en réxime de concesión a sociedade concesionaria Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A (en adiante Autoestradas de Galicia). O enlace da conexión do acceso ao Porto Exterior da Coruña (AC-15) coa autoestrada autonómica A Coruña-Carballo (AG-55) non contempla que os vehículos que accedan ao Porto paguen peaxe e, polo tanto, produciranse movementos pola AG-55 libres de peaxe.

Concretamente existen os seguintes percorridos, en ambos sentidos, que quedarán exentos de utilizar peaxe:

- a) A Coruña-Porto Exterior da Coruña e viceversa.
 - b) Arteixo-Porto Exterior da Coruña e viceversa.
2. Que a Xunta de Galicia é titular da autoestrada de peaxe A Coruña-Carballo (AG-55). A explotación desta autoestrada corresponde a Autoestradas de Galicia, en virtude da concesión administrativa para a construción, conservación e explotación da autoestrada de peaxe A Coruña-Carballo (AG-55), adxudicada polo Decreto 23/1995, do 20 de xaneiro.

O contrato de concesión réxese polos pregos que regulan a súa adxudicación, pola Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestrada en réxime de concesión e polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, e demais normas do dereito administrativo.



MINISTERIO
DE FOMENTO



XUNTA
DE GALICIA



Autoestradas
de Galicia

Por todo o exposto, as partes outorgan este convenio con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O Ministerio de Fomento constrúe ao seu cargo a conexión do acceso ao Porto Exterior da Coruña (AC-15) coa Autoestrada autonómica A Coruña-Carballo (AG-55), baseándose no proxecto de construción “Acceso ao porto exterior da Coruña” e o seu modificado número 1, aprobados respectivamente o 10 de decembro de 2009 e o 24 de xullo de 2014, tralo consentimento expreso ao dito modificado da Xunta de Galicia na súa condición de Administración titular da autoestrada AG-55.

Como condición xeral segunda da autorización emitida pola Xunta de Galicia o 10 de febreiro de 2014 establecíase que as obras de conexión entre o Acceso ao Porto exterior da Coruña (AC-15) e a autoestrada autonómica A Coruña-Carballo (AG-55) non poderán ser postas en servizo mentres non se teña subscrito o convenio entre as administracións implicadas e a sociedade concesionaria Autoestradas de Galicia que regule a exención do pago polo uso dun tramo da autoestrada AG-55 aos usuarios con orixe ou destino a autovía AC-15, mantendo o equilibrio económico financeiro da concesión.

Segunda.- O enlace da conexión entre a autovía AC-15 e a autoestrada AG-55 quedará integrado, a todos os efectos, na Rede de Estradas do Estado.

Terceira.- O Ministerio de Fomento entregará á Xunta de Galicia a documentación do enlace de conexión da AC-15 coa AG-55 que recolla o estado e características finais da obra executada.



MINISTERIO
DE FOMENTO



XUNTA
DE GALICIA



Cuarta.- O Ministerio de Fomento aboará a Autoestradas de Galicia unha compensación polo novo tráfico que utilizará a autoestrada AG-55 e que estará exento de cobro directo ao usuario. A dita compensación calcularase aplicando ao número de tránsitos que se realicen por cada un dos movementos, a lonxitude do mesmo e as tarifas que corresponden a cada grupo tarifario. O importe resultante incrementarase co Imposto sobre o Valor Engadido vixente.

O prazo de vixencia desta compensación comezará coa posta en servizo da nova infraestrutura de acceso ao Porto Exterior da Coruña e finalizará cando se cumpra algunha das condicións seguintes:

- O 31 de decembro de 2016
- Á data de extinción ou, de ser o caso, rescate da concesión de Autoestradas de Galicia, se esta se produce antes do 31 de decembro de 2016.
- No momento no que se materialice a conexión directa do Porto Exterior coa Rede de Estradas de Interese Xeral do Estado e queden en desuso os accesos e saídas cara/dende a AG-55 agora construídos. O Ministerio de Fomento está desenvolvendo a dita conexión mediante a redacción do Estudo Informativo EI-4-LC-16 “Prolongación do Acceso ao Porto Exterior da Coruña”. Igualmente se esta se producira antes do 31 de decembro de 2016.
- Pola incorporación á Rede de Estradas do Estado do tramo de conexión da autoestrada autonómica A Coruña-Carballo (AG-55) entre o enlace da AC-15 e a AG-55 e A Coruña, baseándose no previsto na Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas. Igualmente se esta se produce antes do 31 de decembro de 2016.



MINISTERIO
DE FOMENTO



XUNTA
DE GALICIA



Autoestradas
de Galicia

Se con anterioridade á expiración do prazo establecido no apartado anterior non se tivera cumprido ningunha das condicións previstas para a extinción da compensación, procederase á tramitación dun novo convenio.

As distancias asignadas a cada un dos catro movementos son:

- Vehículos con orixe na Coruña e destino o Porto Exterior: 1.967 metros.
- Vehículos con orixe no Porto Exterior e destino A Coruña: 2.297 metros.
- Vehículos con orixe en Arteixo e destino o Porto Exterior: 3.427 metros.
- Vehículos co orixe no Porto Exterior e destino Arteixo: 3.168,50 metros.

As tarifas aplicables para a determinación da peaxe correspondente aos percorridos anteriores serán as aprobadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda. No caso de que se produciran elevacións tarifarias motivadas pola compensación de futuros reequilibrios concesionais que poidan ser acordados á marxe deste convenio, o Ministerio de Fomento non se fará cargo dos incrementos de tarifas derivados dos futuros reequilibrios concesionais.

Quinta.- A achega do Ministerio de Fomento para o pagamento da compensación a Autoestradas de Galicia no exercicio 2016 estímase en 30.000 euros e realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 17.20.441M.47305.

No suposto de que o tráfico real sexa superior ao estimado, o incremento da compensación instrumentarase mediante a subscrición da correspondente addenda a este convenio.

Sexta.- A modalidade de pago será a mes vencido baseado no detalle de tráfico viario. O pago debe efectuarse no prazo de 30 días dende a presentación por Autoestradas de Galicia do documento de pagamento, xunto coa xustificación do seu importe. Si se demorase o pago deberase aboar á Concesionaria, a partir do



MINISTERIO
DE FOMENTO



XUNTA
DE GALICIA



Autoestradas
de Galicia

cumprimento de dito prazo de 30 días, os xuros legais previstos na Lei Xeral Orzamentaria.

Sétima.- Con obxecto de contabilizar e clasificar o tráfico que utilice a conexión, o Ministerio de Fomento colocará espiras magnéticas en cada carril de circulación e cámaras de verificación de conteo nos ramais que dan acceso ao Porto Exterior dende e cara a autoestrada AG-55. A sociedade concesionaria Autoestradas de Galicia realizará a explotación dos datos co fin de incorporalos as súas estatísticas de tráfico.

No anexo I do presente convenio recóllese un plano coa localización exacta das citadas espiras e das cámaras.

Oitava.- O Ministerio de Fomento, a través do Servizo de Conservación e Explotación da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, realizará unha auditoría anual do tráfico que efectúe os percorridos descritos na cláusula cuarta.

Esta auditoría basearase na realización de probas substantivas sobre os listados de vehículos xerados polo sistema de conteo, mediante os procedementos que se consideren necesarios, levando a cabo a comparación entre os resultados dos sistemas de conteo (espiras) e de verificación (cámaras) instalados, con obxecto de establecer as posibles diferenzas entre ambos.

Novena.- As partes intervintes comprométense a proporcionarse mutuamente toda a información e colaboración que sexa necesaria para o axeitado cumprimento deste convenio.

Décima.- Para o seguimento e desenvolvemento deste convenio, constituiráse unha Comisión de Seguimento e Control, composta de forma paritaria por seis



MINISTERIO
DE FOMENTO



XUNTA
DE GALICIA



Autoestradas
de Galicia

vocais, dous en representación do Ministerio de Fomento, a proposta da Dirección Xeral de Estradas, dous en representación da Xunta de Galicia, a proposta da Consellaría de Infraestruturas e Vivenda e dous en representación de Autoestradas de Galicia.

A Comisión de Seguimento e Control estará presidida por un dos representantes do Ministerio de Fomento. Ás reunións poderán asistir, como asesores, os técnicos que se xulgue conveniente.

A Comisión reunirase ao longo da vixencia do convenio en sesión ordinaria unha vez ao ano e extraordinaria sempre que o requira o asunto a tratar a solicitude dunha das partes.

No previsto de forma expresa neste convenio, serán de aplicación as normas reguladoras dos Órganos Colexiados contidas no Capítulo II do Título II da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, correspondendo ao Presidente da Comisión as facultades previstas no artigo 23 da citada Lei 30/1992.

Undécima.- O convenio poderá resolverse por mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo, ou por incumprimento dalgunha delas. O incumprimento por algunha das partes facultará ás outras partes para esixir o seu estrito cumprimento ou para solicitar a resolución do convenio.

Duodécima.- Este convenio ten natureza administrativa, sendo a Xurisdición Contencioso-Administrativa a competente para resolver as cuestións litixiosas que se puideran suscitar entre as partes no desenvolvemento do convenio.

As partes sométense á xurisdición dos Xulgados e Tribunais do Contencioso que corresponda de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa



MINISTERIO
DE FOMENTO



XUNTA
DE GALICIA



**Autoestradas
de Galicia**

E para que así conste, asinan este convenio, por triplicado exemplar no lugar e data ao principio indicados.

A MINISTRA DE FOMENTO

A CONSELLEIRA DE
INFRAESTRUTURAS
E VIVENDA

Ana M. Pastor Julián

Ethel Vázquez Mourelle

O DIRECTOR XERAL DE
AUTOESTRADAS DE GALICIA,

Andrés Muntaner Pedrosa

ANEXO I



MINISTERIO
DE FOMENTO



XUNTA
DE GALICIA



Autoestradas
de Galicia

